CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)
Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

PROPOSTA MEDIDAS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES NO CAMPAMENTO URBÁN DE CONCILAICIÓN DE CEDEIRA

As circunstancias actuais derivadas da crise sanitaria da Covid-19, e logo de superar a etapa de confinamento, fan máis necesario que nunca poder ofertar un recurso de conciliación para as familias galegas e de educación non formal para o tempo de lecer dos nosos nen@s que lles permita beneficiarse, coas **máximas garantías de prevención e hixiene**, dun espazo de ocio educativo.

NECESIDADES INSTALACIÓNS:

> Limpeza e desinfección xeral en toda a instalación previa ao comezo das actividades.
> Unha limpeza diaria antes ou ao remate do día.
> O coordinador durante pausas das actividades reforzará a limpeza das zonas de máis uso.
> Retirada ou inaccesibilidade aos mobles e utensilios que non sexan precisos nos espazos nos que se realizan as actividades.
> Alfombra desinfectante calzado no acceso.
> Dispensadores de auga e xabón, e solucións hidroalcohólicas para hixienizar as mans.
> Papeleiras de pedal e con tapa.
> Panos desbotables.
> Recomendable unha ventilación constante dos espazos pechados.
> Eliminación de fonte de auga común.
> Recomendable manter as portas abertas con algún sistema.

ORGANIZACION PREVIA AO INICIO:

> Non se admitirá a entrada aos campamentos se o participante:

- É diagnosticado positivo por COVID-19 segundo os criterios médicos vixentes.
- Presenta calquera sintomatoloxía (tos, febre, dificultade ao respirar) que poida estar asociada coa COVID-19 durante os 14 días previos á súa participación.
- Estivese en contacto estreito ou compartindo espazo sen gardar a distancia interpersoal con algunha persoa afectada por COVID-19 nos 14 días previos á súa participación.

> Será preciso cubrir unha **declaración responsable** sobre o estado de saúde da persoa participante, así como de aceptación dos contidos da actividade e normas hixiénicosanitarias establecidas, previamente informadas.
> Recomendamos que cada nen@ leve unha **mochila cos seguintes útiles persoais** de utilización individual: funda máscara, gorra, muda (de ser o caso por idade), crema solar, auga, aperitivo (de ser o caso pola duración do campamento), necesidades individuais obradoiros (tesoiras, pegamento, ceras, lapis de cores, goma, ...).

ORGANIZACIÓN ACTIVIDADES:

> <u>Formación grupos</u>:

- 1 monitor cada 10 nen@s.
- Grupos de 10 nen@s máximo co seu respectivo monitor de forma independente. Cada monitor será responsable do seu grupo durante todo o campamento.
- Non se realizarán interaccións con persoas alleas ao campamento.

> <u>Acceso dos nen@s ao campamento</u>:

- Cada nen@ solo poderá ser acompañado por unha persoa evitando así que se produzan aglomeracións.
- O acceso dos grupos realizarase de forma escalonada. Cada grupo será recibido polo seu

monitor en unha situación previamente definida e illada do resto de grupos e este realizará os protocolos de acceso correspondentes: control asistencia, desinfección calzado, desinfección mans e toma de temperatura (superior a 37,5º non poderá asistir).

- A quenda de acceso escalonado será variado conforme determine o coordinador: día a día, por semanas,... pero sempre con unha diferencia de tempo diaria entre grupos suficiente para que non coincidan. Incidiráselle aos pais/nais/titores que cheguen á hora en punto que lles corresponda.
- Será obrigatorio para todos os participantes acceder con máscara (facilitaranse dende a organizacioón).

> Recollida dos nen@s ao campamento:

- Realizarase da mesma forma que o acceso, é dicir, escalonada evitando así que se produzan aglomeracións.
- Cada nen@ solo poderá ser recollido por unha persoa.
- A persoa que o recolla ten que ter a correspondente autorización.

DESENVOLVEMENTO ACTIVIDADES:

> As actividades adaptaranse ás medidas e recomendacións marcadas polas autoridades sanitarias (distanciamento físico, emprego de máscara, etc.).

> Revisión das actividades a desenvolver, suprimindo aquelas que promoven o contacto físico máis estreito e primando as que poden levarse a cabo dun xeito máis individual ou con maior distanciamento, intentando non perder a dinámica de grupo.

> Primaranse as actividades ao aire libre e só nos casos en que as condicións meteorolóxicas, as instalacións ou a propia actividade non o permita, trasladaranse ao interior.

> Formación aos nen@s sobre as medidas hixénico-sanitarias de carácter persoal recomendables, tales como a necesidade dun correcto e asiduo lavado de mans, o emprego de xel hidroalcólico, a colocación correcta da máscara, etc. Neste sentido, o equipo de monitorado será o encargado, tas recibir a formación oportuna, de ensinarlle aos rapaces e rapazas, os primeiros días do campamento, todos estes procedementos.

> Obrigatoriedade do uso da máscara e só no caso de que unha determinada actividade se poida realizar garantindo ao 100% a distancia social recomendada de 1,5 metros de seguridade, se retirará gardándose nun sobre co nome de cada nen@. Volverán a poñela unha vez rematada esa actividade.

> Antes do inicio de cada actividade desinfectaranse todos os materiais que se vaian a utilizar.

> O material de cada actividade será de uso individual ou se desinfectará despois de cada uso.

> Cada hora aproximadamente se realizará un cambio de actividade no que se aproveitará para realizar a correspondente limpeza e desinfección de materiais e zonas comúns de máis uso, desinfección mans, ir ao lavabo(individualmente) e toma de temperatura(a media mañá)

> Aos lavabos só se poderá ir acompañado monitor correspondente. As tapas encontraranse levantadas e se realizará unha limpeza ao remate de cada uso.

> Non recomendamos a realización de excursións ao exterior e onde se haxa que desprazar ao compartir espazos con persoas alleas ao campamento.

NORMAS MONITORES:

> Formación previa aos monitores respecto dos protocolos do covid-19.

> Sempre con máscara.

> Non se poderá compartir os seus medios particulares de traballo. De ser necesario, procederase a desinfectar o material posteriormente.

CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)
Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

ACTUACION ANTE UN POSIBLE CASO DE COVID-19:

> En cada campamento nomearase unha persoa responsable ou coordinadora COVID-19, que será a responsable da coordinación das medidas de prevención e control da COVID-19 que se establecen nos protocolos sanitarios. En todo momento se seguirán as indicacións das autoridades sanitarias competentes, que serán as que tomen as decisións precisas para protexer a saúde das persoas participantes na actividade.